

CARVALHO CALERO E O REINTEGRACIONISMO
curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

OS LÍMITES DO GALEGO

Neste artigo publicado em 1981 na revista *Encrucillada*, volume 5, número 21 (janeiro-fevereiro), 15-24, Carvalho Calero trata temas de muito interesse para a nossa língua, como o seu nome, a sua projeção internacional, o seu futuro, ...

Reportagem sobre a língua galega na TV portuguesa

Ligazón: <https://youtu.be/iCOreBJXOZk>

Pé do vídeo: Reportagem sobre a língua galega na RTP Internacional, sobre a petição da AAG-P e o MDL ao Parlamento Europeu para que se abstenha de promover a segregação lingüística entre galego e português.

CARVALHO CALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago
O artigo de Carvalho Calero foi publicado com este formato na revista *Encrucillada*:

OS LIMITES DO GALEGO

Por Ricardo CARBALLO CALERO

GALIZA

O nome de Galiza provén do que levaba unha provincia romana da península hispánica, provincia que en latín clásico se denominaba por escrito **Gallaecia**, mais que no latín vulgar da propia terra tiña que ser designada cunha pronuncia algo distinta. O ditongo tónico latino **ae**, en afeito, dá en galego **e** aberto. O iode da última sílaba do étimo pode fechar un grao a vogal tónica. Mais entón ese ditongo desembocaría en **e** fechado galego, e non en **i**, o que supón un fechamento de dous graos. En todo caso, o nome do noso país conforme a tradición romance autóctona foi sempre Galiza, e o nome que hoxe dá ao seu país o pobo sinxelo é un castelanismo, é pura e simplemente o nome castelán da nosa terra, aínda que ese nome sexa en castelán un galeguismo, en canto o duplo **l** do étimo debería no español central converter-se en **ll** palatizado, como ocorreu no caso do xentilicio **gallego**; se xa non se trata simplemente dunha reacción cultista latinizante sobre a forma primitiva **Gallizia**, na que, a maiores, non sabemos o que hai de puramente ortográfico e de realmente fonético no **ll** duplo. A forma que conserva o iode latino aparece no galego antigo en documentos notariais, campo onde o modelo da chancelaría real de tradición toledana e latinizante tendía naturalmente a proxectarse; e só consolida a súa presenza no século XV, cando se acentúa a influencia do castelán en Galiza. Aínda así, esa forma tabeliónica non contamina os textos literarios¹. No tomo da antoloxía de **Prosa galega** consagrado ao galego antigo e medio, **Galicia** aparece unha soa vez, nun texto que nos chegou nun impreso do século XVII². Claro que os textos de **Prosa 3** son un conxunto azaroso para os efectos que nos ocupan, mais citamos o caso cun valor puramente indicativo. Na ponla do galego que co tempo se converteu en portugués, conservou-se a forma auténtica **Galiza**, sen que castelanismo ou latinismo algun valesse contra ela.

CARVALHO GALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

GALEGO

Tampouco valeron en ningures, dentro do dominio lingüístico hispánico occidental —coas suas proxeccións coloniais— para alterar a forma do xentilicio **galego**, que hoxe escribemos todos os galegoportugueses do mesmo xeito. Nos meios literarios, científicos e en xeral cultos, opón-se hoxe unanimemente a forma nativa **galego** a forma castelá **gallego**. Os mesmos que escriben **Galicia**, escriben **galego**. Mais non sempre foi así, polo que a afirmación con que se inicia este párrafo debe entender-se dentro do desenrolo normal do sistema lingüístico. Na literatura galega moderna, **galego** é unha restitución recente. Rosalia escribeu **Cantares gallegos**. Curros cria que no futuro, o **gallego** sería o idioma universal. Noriega Varela negábase a dicir **galego**. Todo por fidelidade ao pobo, que dicía **gallego** como dicía **Galicia**. Na literatura, **galego** está restaurado, mais algúns continúan dicendo e escribendo **Galicia**, como continúan dicendo e escribendo **decir** e **escribir**. Ou ignoran que **Galiza**, **dicir** e **escribir** son formas auténticamente galegas, ou cren xa non se pode loitar contra as formas de uso vulgar corrente, sexan ou non castelanismos. E como o pobo, cando menos maioritariamente, di hoxe **Galicia**, **decir** e **escribir**, estiman que hai que aceptar esas formas. Mais esa sería fidelidade non ao pobo libre e dono dos seus destinos, senón ao pobo alleado pola colonización lingüística. E se esta posición se titula galeguista, semella-nos dun galeguismo tan moderado, tan posibilista, tan pactista perante o castelán, que dá a impresión de que amnistia a este de todos ou os máis dos seus golpes contra o noso idioma. É como se non pretendese outra cousa que o mantimento do **status quo**, desesperando da restauración da autenticidade. Pois outramente, non se comprende que para curar o galego das súas deformacións, se lle receite a parálise. Non sabemos como o galego pode chegar a súa meta se non o volvemos ao camiño real do que está desviado.

PROVINCIA

Mais agora non é a nosa tarefa subliñar a inautenticidade da forma **Galicia**, nen menos a da forma **gallego**, desaparecida practicamente da lingua literaria, senón profundar un pouco no significado desta última voz. Entende-se —xa o entendía así o lector— da voz **galego** como adxectivo calificativo de **idioma**, ou substantivado por sobrentendido este substantivo. E, se nos atemos ao uso vulgar e ao de moitos letrados, veremos que **galego** é interpretado como 'idioma propio de Galiza', ou 'idioma propio dos galegos'. Mais para moitos, os galegos son os naturais da Galiza constituída polas catro provincias da Cruña, Lugo, Ourense, e Pontevedra, sobre as que se exerce, ou exercerá, a xurisdición da Xunta de Galiza. Entón os límites do galego

CARVALHO GALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

están determinados por un acto administrativo do Estado español. Don Javier de Burgos, ministro de Fomento o ano 1833, autor da división de España en cuarenta e nove provincias, resultaría así o definidor do galego, aínda que, paradoxicamente, a súa división de España elimina o concepto de Galiza da organización administrativa³. Baixo o réxime centralista que o liberalismo estableceu en España, esta compuña-se de provincias non distribuídas en rexións nen reinos. Se baixo ese réxime se falaba de Galiza, León, Castela, Aragón, Navarra..., era como referencia histórica; mais nengun deses antigos reinos ou rexións tiña existencia administrativa desde o punto de vista da división xeral.

FEUDOS

Don Javier de Burgos completaba así, desde o seu centralismo de inspiración revolucionaria francesa, a obra encetada polo rei don Afonso VI desde a súa concesión ao feudalismo francés. En Galiza non houbo tradicionalmente feudalismo. Cando se fala da Galiza feudal, non se fala con rigor. A coincidencia institucional da soberanía política coa propiedade privada, que constitui a esencia do feudalismo, non se daba no noso país. En España, son as terras nas que a Reconquista se inicia polos francos ou baixo a protección dos francos, as que coñecen o feudalismo. Mais Afonso VI divide Galiza en dous condados, que entrega, coas mans das súas fillas Urraca e Tareixa, aos príncipes borgoñóns Raimundo e Enrique. Se en atención aos costumes borgoñóns o rei daba carácter feudal as súas mercés, ou a educación e os intereses dos vasallos lles aconsellaron esa interpretación, é cuestión de escasa transcendencia, pois de feito o condado de Galiza incorporou-se a coroa ao cinxir esta as tempas da Condessa Urraca; e o de Portugal converteu-se nun reino independente. Este último condado non era senón a parte meridional da Galiza. Portugal nace, pois, como un feudo do rei de Galiza, León e Castela, que axiña se transforma nun reino enfeudado ao Papa, señor máis alongado e menos incómodo que o rei de Castela, o que entraña a independencia de feito do reino portugués.

CARVALHO GALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

O GALEGO PORTUGUES

O galego, pois, historicamente, non nace entre Ortegál e o Miño, para empregar a expresión de Cabanillas⁴; senón entre Ortegál e o Douro; e a conquista estende-o até o Mondego cando aínda non existía o reino de Portugal. Logo, a colonización continua sen o concurso dos galegos de aquén Miño, porque o Condado raimundés está incorporado ao reino de León, e son os galegos de alén Miño, agora portugueses, os que van introducir o galego nos territorios do centro e o sul do novo reino, onde unha fala románica aliterária, na que se comunicaban os mozárabes, constituíu o substrato do galego importado. É o mesmo caso do valenciano en relación co catalán. A lingua que hoxe se fala en Valéncia non é un idioma románico formado autoctonamente por transformación local do latín, senón un dialecto catalán importado polos conquistadores e matizado de rasgos de substrato mozárabe. O portugués de Lisboa non é un romance mozárabe independente do galego, senón o galego traído polos conquistadores e implantado sobre as falas románicas dos mozárabes. Algúns filólogos falan da desgaleguización do portugués, como outros da descatalanización do valenciano. Mais, en realidade, o que fan os substratos mozárabes é dialectalizar as linguas dos conquistadores. En termos estritamente lingüísticos, o portugués e o valenciano achan-se en relación co galego e o catalán. Outra cousa é se focamos o problema desde un punto de vista sociolingüístico, pois mentres que os centros de poder político e prestíxio cultural permaneceron ao norte —en Castela e Cataluña— nos domínios románicos central e oriental, no dominio occidental non ocorreu o propio, e a parte meridional xerou un poder político e cultural que non só a independizou do norte, senón que expandeu polo mundo a versión lusitana do galego, que foi levada a América, África e Asia como lingua do império colonial portugués. Esta forma do galego-portugués, a de Camoes e Eca de Queiroz, de proxección universal, escureceu a forma primitiva, o galego galaico, recoberto ao sul do Miño por unha capa de portugués oficial, e conxelado e mutilado ao norte daquel río pola presión do castelán oficial. Este desaloxou o galego da literatura, mais tamén da fala en materias nobres. O castelán foi a lingua da Administración, da Igrexa, da Ciencia, da conversa elevada, do ensino. O galego ficou reducido ao vocabulario agrícola, e, neste espazo, imovilizado, de xeito que calquer innovación se plasmaba lingüísticamente através do español oficial. A atrófia do galego era evidente. Mutilación e conxelación. Nestas condicións, a relación xerárquica ficou invertida. Chamar ao portugués dialecto do

CARVALHO GALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

galego, resultaba, do punto de vista político-social, paradóxico, mentres que non suscitaba resistencia denominar dialecto do castelán, non xa ao andaluz, que xeneticamente ocupa no centro da Península o lugar que no Oeste ocupa o portugués, senón mesmo ao leonés e ao aragonés, que son orixinariamente romances independentes do castelán, mais que foron atraídos por este. A mesma catalanidade do valenciano nunca foi tan contestada. Os que por cantonalismo político ou lingüístico falan hoxe da lingua valenciana, dificilmente negarán a dependencia do catalán da lingua de Ausias March, e máis que outra cousa mostran-se celosos da conservación das modalidades rexionais da súa fala. En tronques, a separación política de Galiza e Portugal conduciu nalgún caso dentro do campo dos estudos filolóxicos, e amiúde entre os profanos, a un separatismo doutrinal lingüístico. Moitas persoas cren que o portugués é unha lingua parecida ao galego, como o bable e o mesmo castelán, mais tan alleia a Galiza como as outras citadas. Pola contra, os portugueses, e moitos filólogos de distintas procedencias, ven o galego como un dialecto do portugués.

O NOME DA NOSA LINGUA

A denominación de galego-portugués, fronte as unitárias de castelán e catalán, imponse, pois, porque implica unha prudente transacción entre a razón histórica e a razón social, entre o lingüístico interno e o político. Oferece o inconveniente de todas as denominacións mixtas, e por iso se ten intentado disimular o seu sincretismo con substitucións aparente ou formalmente simples, mais en realidade aglutinacións, do tipo de **portugalego** ou **galuso**. A verdade é que todas estas denominacións están xustificadas, pois a lingua do Brasil é galego do mesmo xeito que a lingua de Bolívia é castelán. E a fala galega é portugués en canto é unha variante da forma máis usual do portugués normativo, aínda que aquela variante sexa precisamente a forma orixinaria. Non habería inconveniente en chamar español occidental ao complexo lingüístico galego-portugués; pois a Gallaécia e a Lusitania eran provincias de Hispania, e non hai por qué reservar ao castelán o título de español⁵.

CARVALHO GALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

A FARDA ORTOGRAFICA

En todo caso, só un lavado de cerebro político pode implantar na mente dos galegos a idea de que o seu idioma limita ao sul cunha lingua estranxeira. É a mesma política que se practica na Unión Soviética falando do moldavo como unha lingua distinta do rumeno. Igualmente poderíamos solicitar para o andaluz o estatuto de lingua independente. Abondaria, para comenzar, con escribél-lo cunha ortografía fundada na súa propia fonética, en tronques de escribél-lo con ortografía castelá. A realidade é que o andaluz non se escribe. O señor Rojas Marcos, ou o señor Clavero Arévalo, ou o señor González Márquez, cando falan desde a tribuna de Congreso dos Diputados, esforzan-se por falar en español normativo, en castelán, mais apenas o conseguen. Cando en Sevilla se atopan rodeados de amigos e familiares, impón-se-lles naturalmente o andaluz. Mais, en todo caso, escriben en castelán, e os redactores do Diáριο de sesións das Cortes que recollen os textos taquigráficos, emascaran o andaluz deses tres distinguidos oradores coa carantoña gráfica do castelán. Mais as diferencias entre o andaluz que se fala e o castelán que se escribe son maiores que as que separan o galego de Ourense e o portugués de Braga. O emprego, para reproducir o galego, da ortografía castelá, o que supón a dialectalización gráfica da nosa fala, é o que dá a esta maiormente un aspecto diferente do portugués. Na nosa Gramática poden ver-se as principais diferencias que separan o galego do portugués. Pero estas diferencias teñen carácter simplemente dialectal. O portugués comparado é o portugués normativo. Moitas desas diferencias non existen se en troques do portugués normativo consideramos o portugués dialectal do norte do país, onde achamos o n velar intervocálico de **unha**, a solución —o do sufixo —**ONE**, o betacismo e outras particularidades galegas. Polo demais, variantes de análogo fuste saen-nos ao paso se comparamos o portugués oficial co algarvio.

GALEGO-PORTUGUES OU GALEGO-CASTELAN

A doutrina clásica da unidade do galego-portugués, na que comungaban Leite de Vasconcelos e Menéndez Pidal, non pode ser rexeitada con argumentos que existen diferencias dialectais. O portugués é unha ponla do galego que adquiriu autonomia e nome como consecuencia da separación política do Condado raimundés e o Condado enriqueño. A política centralista molesta-lle que se subliña a consubstancialidade do galego e o portugués, porque considera o portugués unha lingua estranxeira. Mais o portugués é unha lingua española, e os mesmos portugueses, unha xente fortísima de España,

CARVALHO GALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

como dicia Camoes⁶. Así, o nome de lusistas, que dan aos galeguistas os castelanistas, non debe preocupar a estes nen a aqueles. Menéndez Pidal era lusista, pois falaba dun idioma —actual— galego-portugués. Mais igualmente podía ser chamado galeguista. A postura antilusista, ou sexa separatista, ou isolacionista, ten sentido desde unha perspectiva castelanista. O que estime que o galego é unha antigualla inservíbel, ou simplemente un expediente antieconómico, ou un insidioso atentado contra a unidade nacional, debe ser antilusista e antigaleguista, debe confesar-se abertamente castelanista en materia idiomática. A min semella-me moi razoábel a postura do que coide anacrónico o uso do galego, sempre que chamemos anacronismo todo intento de restauración, e antieconómico todo esforzo que supoña un gasto de enerxía superior ao mínimo. É evidente que o uso do galego supón un esforzo suplementario, e que se o suprimísemos aforraríamos fluído mental. A necesidade do galego, evidentemente, non se sente no ventre, como dicia Castelao. Mais se por motivos sentimentais ou políticos eleximos conservar a nosa identidade idiomática, temos que correr todos os riscos e arrostar todas as consecuencias. Non podemos contentar-nos cun galego popular construído exclusivamente a base do galego castelanizado de hoxe. Non podemos resignar-nos a admitir como galego **muelle**, e se non se ouve palabra distinta desta na boca dos mariñeiros actuais —se ese **muelle** é 'mole'— ou dos artesáns —se ese **muelle** é 'mola'— haberá que ver se o portugués conservou a forma autóctona, ou se abilitou unha nova forma, e preferi-la á castelá. Ou ben, aceptar que o galego é un dialecto do castelán, e que non paga a pena distingui-lo deste. Así, o galego sería un bable, ou un baturro, apto para ser falado a carón do lar polos galegos e visitantes que profesen un rexionalismo san e ben entendido, mais non unha lingua de cultura elevada, porque para iso xa temos o castelán, e postos a aprender unha segunda lingua, é máis rentábel o inglés. Polo demais, iso supón a xubilación do galego. Choído nos límites espaciais devisados por don Javier de Burgos e nos sociais e semánticos da cociña de lareira e o parrafeio familiar, o galego extinguir-se docentemente, ficará como un paxariño, morto sen dor, como unha aboiña centenária a quen no lle faltou a súa cunca de caldo, ou de leite, ou a súa pensión lexítima, cariñosamente, relixiosamente abonada pola Seguridade Social.

CARVALHO GALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

OS FILLOS DE ISAAC

O inglés que se fala en New York chama-se inglés; o castelán que se fala en Buenos Aires chama-se castelán; o ruso que se fala en Vladivostok chama-se ruso. New York non está en Inglaterra; Buenos Aires non está en Castela; Vladivostok non está en Rúsia. Mais os idiomas que se falan nesas cidades naceron naqueles países, e por iso levan eses nomes. O romance hispánico occidental naceu en Galiza —que comprendía o norte de Portugal— e pode ser chamado galego fale-se onde se fale: en Lugo como en Braga como en Lisboa como en Rio.

Claro está que non sería pretensión sensata a de impoñer aos cento cincuenta millóns de falantes deste idioma a denominación de galego. De feito, hoxe ese idioma se denomina portugués, porque o territorio onde ese idioma se orixinou, en parte ficou xebrado do resto do dominio lingüístico peninsular. Así, o romance da Galiza lucense continuou coñecendo-se co nome de galego, mais no resto, constituído o reino de Portugal, tomou o nome de portugués padrón e a ponla máis vizosa e máis representativa do tipo. Nós somos Esaú. Vendimos a Jacob a primoxenitura polo prato de lentellas na fidelidade a León. Como consecuencia, a Galiza lucense leonizou-se, castelanizou-se, mentres que a Galiza bracarense galeguizou a Lusitania e levou o vello idioma polo mundo.

Que ese galego que hoxe chamamos portugués evolucionou, é indubidábel. Mais dicir que se desgaleguizou é moito menos exacto que dicir que o galego lucense se castelanizou. ¿Por que perdimos no norte a nasalidade fonolóxica, as palatais sonoras? ¿Por que xurdiu o fonema fricativo interdental entre nós? ¿Por que o v perdeu o seu rasgo dental? ¿Foi por influencia do castelán? ¿Estaba todo na deriva do idioma? Como queira que sexa, o portugués conservou a situación primitiva, ben que noutros aspectos sexan as falas nórdicas as arcaizantes. Hoxe somente o esforzo dos intelectuais galeguistas impede que o galego sexa un verdadeiro dialecto adventicio do castelán. Hoxe é a ponla meridional a que representa realmente na Románia o tronco comun.

REINTEGRACIONISMO

A tradición galeguista máis firme veu sempre o portugués como unha rama do galego, se nos situamos no punto de vista histórico. Entón, o portugués é unha garantía de supervivencia do galego, porque aínda que nas provincias españolas esta lingua deixase de usar-se, perviviría na forma meridional. De por parte, a presenza do portugués reforza as posibilidades de persistencia do galego. Se aquel non existise como instancia corroboratoria, o galego non podería, nas

CARVALHO GALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

circunstancias actuais, ofrecer resistencia efectiva ao castelán. Por iso os castelanistas desexan incomunicar as dúas formas do galego-portugués. Algúns propugnan un heroico comportamento independentista fronte ao castelán e ao portugués asemade. O pastor David, coa súa funda, loitando en dous frentes co Golias castelán e o Golias portugués. Tal guerra sería demencial. O lóxico é que o galego restaure a súa conexión co portugués se quer resistir a castelanización.

FATALISMO

Hai persoas que ven con maus ollos o reintegracionismo do galego no complexo lingüístico occidental porque a purificación da fala leva consigo innovacións que tropezan cos seus hábitos infantís. Son os que reputan como alleio todo o que non zugaron nos peitos das súas nais. O galego que mamaron non contén palabras como **Deus, galego, viúvo, graxa, coello**, substituídas desde hai tempo, se cadra, na súa aldea, ou na súa vila, polas correspondentes castelás. Alguns escritores cren que o natural é escribir **Dios, gallego, viúdo, grasa, conexo**. Semellante radical populismo funda-se na aceptación entusiasta de todas as deturpacións do galego, e nunha irracional adhesión a realidade sen ánimo de mellorá-la. É un conformismo vexetal, de submisión tan resignada a doenza, que reputa como antinatural toda medicación.

DIALECTALISMO

Estes escritores teñen como inocentes aliados os coleccionistas de fenómenos dialectais. Os estudos de dialectoloxía, hoxe florecentes na nosa terra, son unha necesidade científica, e poden ser mesmo úteis para a construción da lingua literaria. Mais o dialectólogo é un frío notario da realidade. Onde ache **Dios, gallego, viúdo, grasa, conexo**, ha rexistar o que achou. Se logo ten veleidades normativistas e propón o uso deses termos na lingua literaria, semella-me que se saído seu papel. Mais o corrente é que o dialectólogo se confine no seu eido científico. É o escritor semierudito o que pode erixir en norma a anomalía catalogada ou a que a súa propia experiencia lle fornece. Tamén se pode cair na arbitrariedade oposta, potenciando por especialmente enxebres formas raras que se diferencian fortemente das casteláns.

ISOLACIONISMO

Os tempos son inaxeitados para a pervivencia de linguas minoritarias. A facilidade e rapidez das comunicacións, a frecuencia dos intercámbios internacionais exixen vehículos lingüísticos de difusión xeral. O cantonalismo lingüístico mal se axeita as condicións da vida

CARVALHO CALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

- 1 Vexa-se o artigo «¿Galicia ou Galiza?», de Xosé-Martiño Montero Santalla, na revista *Nova Galiza*, época III, núm. 1, xaneiro-febreiro 1978, Santiago de Compostela, pp. 79-84.
- 2 «Relazón da morte do Mariscal», no *Memorial de la Casa de Saavedra*, Madrid, 1679. *Prosa galega* 3, p. 199.
- 3 As provincias como divisións territoriais de creación artificial, ao xeito dos departamentos franceses, produto legal sen outra finalidade que ordenar a administración uniforme do país, prescindindo de consideracións históricas, están ligadas ao constitucionalismo racionalista. Aparecen en 1812, implantadas polas Cortes de Cádiz, e desaparecen co triunfo do absolutismo en 1814. En 1822, os constitucionalistas restauran-nas en número de cincuenta e dúas. Un real decreto de 30 de novembro de 1833 fixa en cuarenta e nove o seu número.
- 4 «¡Irmáns! ¡Irmans gallegos! / ¡Dende Ortegal ó Miño, / a folla do fouciño / fagamos rebrilar!» (*Obra completa*, p. 150). Observe-se como Cabanillas emprega tamén o castelánismo **gallego**, ao lado, por certo, do hiperenxebrismo **rebrilar**, usado asimesmo por Rosalía.
- 5 Problemas de propiedade denominativa dan-se no catalán, e no castelán non menos que no galego. Se nos atemos a realidade actual da xeografía dialectal, o catalán é catalán-valenciano-balear, cando menos. Por iso ten-se pensado denominá-lo **bacavés**, palabra que contén nas súas tres sílabas elementos das primeiras de **balear**, **catalán** e **valenciano**, ou **cabarovés** (catalán-balear-rosellonés-valenciano). Como se chamásemos a nosa lingua **gaporbres**, porque as súas modalidades principais son as que se falan en Galiza, Portugal e Brasil. Recentemente, Dámaso Alonso referiu-se a inexactitude de denominar hoxe o español (castelán) con ese nome, cando, dada a súa difusión por América e a importancia da literatura das antigas colónias españolas daquel continente, debería chamar-se hispano-americano. Realmente, se non médian complicacións de tipo político, o natural é que persista o nome orixinario, tomado do país en que o idioma se formou.
- 6 **Lusíadas**, canto I, oitava 31:
Ouido tinha aos Fados que viria
unha gente fortíssima de Espanha,
pelo mar alto, a qual sujeitaria
da Índia tudo quanto Dóris banha,
e com novas vitórias venceria
a fama antiga, ou sua ou fosse estranha.
Fala-se dos portugueses, destinados a superar a Baco, mitolóxico conquistador, colonizador ou civilizador da Índia.

Por Ricardo CARBALLO CALERO